

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 3 DE XUÑO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades para o exercicio 2024. Importe: novecentos noventa e tres mil trescentos doce euros (993.312,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gastos de carácter plurianual, a superar a porcentaxe de pagamento anticipado establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o establecemento de pagamentos a conta e anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 62.2 do devandito Decreto 11/2009, da convocatoria do programa do Igape de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, por un importe total de tres millóns corenta mil douscentos sesenta e catro euros (3.040.264,00 €).
- Acordo polo que se toma razón do impulso á actual zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira tras a solicitude de ampliación por catro anos da autorización de ocupación do dominio público marítimo-terrestre na dita localización.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación dunha nova redución da tributación nas herdanzas entre irmáns e outros parentes incluídos no grupo III do imposto sobre sucesións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de actualización do proxecto de mellora da intersección no punto quilométrico (PQ) 9+980 da PO-400 (As Neves).
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria do programa de axudas para a promoción de vivenda en alugueiro accesible da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo da rede de telecomunicacións e o servizo de administración, monitorización e xestión desta, cofinanciado pola Unión Europea nun 60 % a través do programa Galicia Feder 2021-2027, obxectivo político OP 1, obxectivo específico OE 1.2, actuación 1.2.02, operación "Transformación dixita da sanidade galega" e ámbito de intervención TI0019 "Servizos e aplicacións de sanidade electrónica", por un importe total de licitación de trinta e oito millóns cento cincuenta e seis mil trescentos oitenta e dous euros, con IVE (38.156.382,00 €) e un valor estimado de cincuenta e oito millóns oitocentos sesenta e tres mil oitocentos corenta euros, sen IVE (58.863.840,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do Servizo de xestión e dixitalización de documentación clínica da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, de catro millóns, cincocentos catorce mil doce euros e oitenta e catro céntimos (4.514.012,84 € IVE engadido) e un valor estimado de cinco millóns catrocentos nove mil trescentos cincuenta e catro euros e vinte e dous céntimos (5.409.354,22 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Bos Aires-UBA- (Arxentina) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade do Estado do Río de Xaneiro (Brasil) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a University of Oxford (Reino Unido) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de setenta e oito mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (78.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidae do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Cultural Músicas no Minho para o desenvolvemento do Encontro Profesional de Música de Galicia e Portugal MUMI en 2024, por importe de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de seiscentos noventa mil euros (690.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre os prezos de matrícula e axudas ao estudo do Centro Superior de Hostalaría de Galicia para o curso 2024/25.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe da oferta formativa nas ensinanzas de formación profesional para o curso 2024/25 en centros sostidos con fondos públicos. Plan Conecta FP Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a contratación do servizo específico de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas nos concellos de Val do Dubra e Trazo.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a formación en materia de idiomas convocada pola EGAP en 2024.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posta en marcha de obradoiros de robótica e programación para menores de idade ingresados/as en centros hospitalarios do Sistema público de saúde de Galicia.
- Informe sobre o trámite de audiencia e información pública do proxecto de decreto polo que se regula o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e se establecen requisitos de hixiene na produción e comercialización para determinados establecementos.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria das axudas do Bono Remuda para o fomento da remuda xeracional de negocios.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e se convocan para o ano 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1 M€ A UN NOVO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Financiaranse, entre outras iniciativas, programas de asesoramento, de intervención social, de promoción da autonomía persoal ou de formación para arredor de 27.000 beneficiarios

A Xunta de Galicia deu luz verde a un novo convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) cun importe de preto dun millón de euros para financiar, durante este ano, programas de atención a persoas con discapacidade e as súas familias. O número de persoas beneficiarias estimado ascende a 27.000 beneficiarios.

O convenio prevé a realización de tarefas de información, asesoramento, orientación e intervención social, iniciativas de promoción da autonomía persoal e da saúde da actividade física e do lecer, plans de formación e intermediación laboral, apoio ao movemento asociativo, e programas de sensibilización, concienciación e voluntariado.

Unha semana máis, o Goberno galego reforza a aposta por unha das súas prioridades: o benestar das persoas con discapacidade da man das entidades sociais, para seguir camiñando cara unha Galicia máis inclusiva e máis accesible para todos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA QUE 50 MOZOS E MOZAS GALEGOS SE ESPECIALICEN EN COMERCIO EXTERIOR PARA APOIAR AS PEMES GALEGAS NA BUSCA DE NOVOS MERCADOS INTERNACIONAIS

- O Goberno galego destina 3 M€ á nova convocatoria dunha iniciativa dirixida a estudantes con titulacións universitarias de grao superior, que poderán completar a súa formación no estranxeiro en novos mercados internacionais, algún deles estratéxicos para o tecido empresarial galego
- O programa reforza a capacitación para a internacionalización de capital humano e a promoción e contratación de recursos humanos altamente especializados, de acordo cos obxectivos da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2021-2025 que a Xunta está a desenvolver

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria do programa de bolseiros de internacionalización, que permite aos participantes adquirir competencias profesionais en mercados exteriores na procura de seguir a mellorar as vendas internacionais do tecido empresarial galego. Desta volta, a iniciativa, impulsada a través do Igape pola Consellería de Economía e Industria, destina máis de 3 millóns de euros para fortalecer a especialización en comercio exterior e a contratación de 50 mozas e mozos galegos.

A convocatoria, que se publicará proximamente, vai dirixida a persoas menores de 35 anos, con titulación universitaria superior, e achegará formación práctica en internacionalización que se poderá levar a cabo no estranxeiro e ou en Galicia, en entidades e organismos oficiais relacionados coa internacionalización empresarial.

Os países en que os seleccionados completarán a súa formación no estranxeiro inclúen novos mercados internacionais, algúns deles de interese estratéxico para o tecido empresarial galego. Así, os bolseiros terán como posibles destinos, entre outros, Bogotá, Casablanca, Chicago, Dubai, Dusseldorf, Johannesburgo, Kuala Lumpur, Lima, México, Miami, Montevideo, Oslo, Ottawa, Roma, Seúl, Singapur, Tokio, Varsovia ou Yakarta.

A iniciativa contribúe así á capacitación profesional de novos titulados na internacionalización de empresas, á mellora da súa empregabilidade para facilitar o seu acceso ao mercado laboral e ao desenvolvemento de proxectos de internacionalización das pemes galegas nos cales colaborarán os bolseiros achegando os seus coñecementos ao tempo que reforzan a súa formación práctica.

A programación das bolsas abrangue o estudo dos sectores máis importantes dos mercados estranxeiros, a análise das oportunidades e debilidades dos sectores estratéxicos galegos en relación coa súa internacionalización e o estudo das formas de introdución das empresas nos mercados internacionais, contando para a aprendizaxe co apoio de titores tanto nas estadías no estranxeiro como en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este programa facilitou desde a súa posta en marcha a capacitación de 400 novos titulados galegos, que se especializaron en comercio exterior mentres colaboraron coa internacionalización das empresas de Galicia desde mercados tan dispares como Filipinas, Canadá, Estados Unidos, China, Australia, Corea do Sur ou Emiratos Árabe, entre outros.

A iniciativa inclúese na Estratexia de internacionalización da empresa galega 2021-2025 que está a promover a Xunta para contribuír ao incremento da competitividade exterior das empresas galegas, que durante o ano pasado acadaron rexistros históricos en exportacións, ao superar a barreira dos 30.000 millóns, e que este ano se manteñen en números similares durante o primeiro trimestre.

No marco desta estratexia, a Consellería de Economía e Industria ten en marcha outras iniciativas como o Foexga, que impulsa plans de misións comerciais en colaboración coas cámaras de comercio galegas; ou as axudas para a contratación de xestores de internacionalización, que complementa estas bolsas permitindo ás pemes contratar profesionais con formación ou experiencia en comercio exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA BUSCA NOVAS OPORTUNIDADES DE DESENVOLVEMENTO DAS ENERXÍAS MARIÑAS NA ACTUAL PLATAFORMA EXPERIMENTAL DE PUNTA LANGOSTEIRA

- A Consellería de Economía e Industria, a través do Inega, vén de solicitar a ampliación da autorización para a ocupación de dominio público marítimo-terrestre deste espazo emprazado a 500 metros mar adentro do Porto Exterior da Coruña
- Agarda despreparar durante catro anos máis novos dispositivos que permitan validar deseños, compoñentes e materiais, así como verificar a súa viabilidade técnica e económica
- A Comunidade galega é unha das rexións europeas con maior potencial en enerxías renovables mariñas polo que cómpre seguir avanzando na xeración de coñecemento nos eidos enerxético, medioambiental e socioeconómico

O Consello de Goberno tomou razón esta mañá da solicitude de ampliación da autorización para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre da actual plataforma experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira, localizada nas inmediacións do Porto Exterior da Coruña.

A proposta da Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) busca avanzar en novas oportunidades de desenvolvemento nun emprazamento que é un referente para os especialistas do sector, que vén na plataforma experimental un espazo cunhas condicións óptimas para os ensaios, as tarefas de instalación e mantemento dos dispositivos e mesmo para validar deseños, compoñentes e materiais, así como verificar a súa viabilidade técnica e económica.

A Comunidade galega é unha das rexións europeas con maior potencial de enerxías renovables mariñas polo que contar cunha área de ensaio onde desenvolver actividades que favorezan o desenvolvemento tecnolóxico e de estudos relacionados co medio mariño, a biodiversidade e os recursos enerxéticos renovables resulta fundamental para seguir avanzando nos eidos enerxético, medioambiental e socioeconómico.

A consolidación da zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira e a mellora das súas infraestruturas, xunto cos avances da industria galega no sector naval e no sector das tecnoloxías renovables, axudará a converter esta zona nun referente neste eido. Tamén facilitará que a industria se adapte aos requirimentos dos novos dispositivos mariños e o fortalecemento do tecido empresarial galego vinculado a esta tecnoloxía. E por iso, que o pasado mes de abril o Inega solicitaba unha axuda da liña FID 2024 do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidade para desenvolver un multiconector flotante e sensorizado na zona experimental actual que permitirá a interconexión dos prototipos de xeración eléctrica renovable.

A Xunta de Galicia solicitaba por primeira vez no ano 2015 a autorización para a ocupación temporal desta superficie situada nas inmediacións do Porto Exterior, en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Punta Langosteira, aproximadamente 500 metros mar adentro. Un permiso que tiña un prazo máximo de vixencia de catro anos, o Goberno galego renovou en 2019 e que agarda ampliar ata 2028 con esta nova solicitude.

Ademais o Goberno galego ten como obxectivo poñer en marcha unha segunda plataforma experimental para testar prototipos de eólica mariña flotante co obxectivo de afondar no coñecemento das novas tecnoloxías e co convencemento de que as enerxías renovables formen parte do futuro *mix* enerxético para avanzar nos procesos de transición enerxética e descarbonización. Un proxecto que agarda polo apoio do Estado.

A plataforma experimental de eólica mariña de Punta Langosteira está aliñada cos obxectivos da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e na Axenda Enerxética de Galicia 2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE OS FAMILIARES COLATERAIS NON TERÁN QUE PAGAR O IMPOSTO DE SUCESIÓN NAS HERDANZAS DE ATA 25.000 €

- Irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras no terán que pagar nada nos legados menores a ese importe
- O conselleiro de Facenda indica que esta medida beneficiará “a máis de 9.500 galegos cada ano”
- Rueda resalta que a Xunta vai seguir apostando “pouco a pouco e con sentidiño” por manter a senda de rebaixas fiscais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai continuar reducindo a tributación das herdanzas entre parentes, tal e como se comprometera a facer durante os primeiros 100 días de Goberno. En concreto, o titular do Executivo autonómico indicou que se vai modificar a normativa para que “os familiares colaterais non teñan que pagar o imposto de sucesións nas herdanzas de ata 25.000 euros”.

É dicir, estarán exentos de impostos os legados de ata ese importe entre irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras. Ata agora, tal e como explicou o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, os irmáns non tiñan que pagar nada se a herdanza era de como máximo 16.000 € e o resto de familiares colaterais, nos legados de ata 8.000 €.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe sobre a medida a adoptar no Imposto sobre Sucesións e Doazóns (ISD), unha decisión que, unha vez en vigor, podería beneficiar “a máis de 9.500 galegos e galegas cada ano”, segundo indicou Corgos, facendo que deixen de pagar o imposto en torno a un 65% dos parentes do grupo III (colaterais de segundo e terceiro grado, e ascendentes e descendentes por afinidade).

O Goberno galego continúa deste xeito aprofundando na reforma normativa que permite reducir a tributación nas herdanzas entre familiares directos. Nesta liña, o presidente fixo fincapé en que tras esta nova modificación “Galicia vai ser a cuarta comunidade” con menos impostos para os parentes colaterais.

Tal e como explicou Corgos, dunha banda vaise unificar a redución con independencia do parentesco que se ten respecto á persoa falecida, de xeito que a redución sexa do mesmo importe xa esteamos ante unha sucesión a unha irmá ou a unha sobriña, por exemplo. Por outra banda, vaise incrementar a redución ata os 25.000 euros, o que supoñerá unha diminución, para os irmáns, dun 56% e para o resto dos parentes dese grupo de case un 213%.

Máis de 800.000 persoas beneficiarias

Mediante as sucesivas reformas que o Goberno galego ven realizando do Imposto de Sucesións e Doazóns (ISD), dende 2016 houbo máis de 813.500 persoas beneficiarias desta tributación, ás que hai que engadir as máis de 13.900 persoas beneficiarias do mellor tratamento fiscal en herdanzas entre irmáns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estas novas medidas Galicia convírtese na Comunidade Autónoma con mellor tratamento fiscal neste III tramo para as herdanzas inferiores a 25.000 € e na 4º nos demais casos.

O presidente salientou que con esta medida Galicia segue o camiño de apostar pola rebaixas de impostos. “Levamos anos con rebaixas fiscais e imos seguir así con rebaixas, pouco a pouco e con sentidiño”, indicou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE REFORMA DO CRUZAMENTO DE SETADOS NA PO-400, NO CONCELLO DAS NEVES

- Autorízase a expropiación para actuar na intersección situada no quilométrico 9+980 desta vía autonómica, punto de acceso principal a esta parroquia do municipio pontevedrés
- Esta actuación dispón dun investimento superior aos 460.000 euros e permitirá aumentar a visibilidade e reforzar a seguridade viaria nos movementos de tráfico deste cruce
- Para iso desprazarase uns 55 metros a intersección ata o punto quilométrico 10+035, co fin de ampliar a calzada e dar cabida aos carrís de xiro e aos de acceso, asegurando a visibilidade dos vehículos que entran e saen da parroquia
- A intervención inclúe o desvío para conectar a vía municipal coa estrada autonómica de forma segura
- A previsión é convocar as expropiacións no segundo semestre deste ano, co obxectivo de licitar e executar as obras no 2025

O Consello da Xunta vén de acordar hoxe a aprobación do proxecto de reforma do cruzamento de Setados na estrada PO-400, no concello das Neves.

O investimento que o Goberno galego destinará á actuación na intersección situada no punto quilométrico 9+980 desta vía autonómica, punto de acceso principal á parroquia de Setados, superará os 460.000 euros.

A aprobación definitiva da actualización deste proxecto construtivo leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos oito (8) predios necesarios para executar esta intervención.

A actuación autorizada hoxe polo Executivo autonómico ten como obxectivo mellorar as condicións dese cruzamento de Setados, co fin de aumentar a visibilidade e reforzar a seguridade viaria nos movementos de tráfico. Isto permite acometer unha intervención máis ampla, tras terse executado hai uns anos pequenas actuacións destinadas a mellorar a contorna.

En concreto, a actuación consistirá na substitución da intersección actual por unha con carrís centrais de espera (aceleración e deceleración), que permita realizar manobras cun maior grao de seguridade.

O cruzamento actual da PO-400 coa vía municipal que conecta cos núcleos da Laxe e da Igrexa presenta na actualidade problemas de visibilidade, está moi próximo a unha vivenda e hai un cambio de rasante próximo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tendo en conta iso, a actuación que a Xunta se propón executar supón desprazar a intersección ata o punto quilométrico 10+035, é dicir, uns 55 metros.

Iso fai posible ampliar a calzada para dar cabida aos carrís de xiro e aos de acceso, asegurando a visibilidade dos vehículos que entran e saen da parroquia de Setados.

Ademais desa ampliación da calzada da PO-400 e do desprazamento do cruzamento, a intervención deseñada inclúe o desvío para conectar a vía municipal coa estrada autonómica de forma segura.

A intervención de mellora da intersección inclúe alumeadado público, ampliando a rede existente na travesía da PO-400 ata a zona de intersección.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas realizará a convocatoria dos actos expropiatorios no segundo semestre deste ano, para poder licitar, a continuación, as obras, e inicialas no segundo trimestre de 2025. O prazo de execución dos traballos é de 4 meses.

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sustentable.

Planos da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 14,7 M€ AO FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS PARA DESTINALAS A ALUGUEIRO ACCESIBLE

- Rueda salienta a convocatoria de dúas liñas de axudas para que “promotores públicos ou privados” impulsen “ata 350 inmobles”
- A medida englobase no compromiso de promover “a construción de 400 vivendas protexidas” nos primeiros 100 días de Goberno
- Destaca unha nova orde de axudas para impulsar a construción ou rehabilitación de vivendas para destinar ao alugueiro polo menos durante 15 anos, dotada de 7,2 M€
- Ademais, destínanse mais de 7,5 M€ á segunda convocatoria das axudas dirixidas a promotores de vivendas e outras modalidades residenciais tipo *cohousing*, interxeneracionais ou similares de nova construción ou procedentes da rehabilitación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e praxe a destinar 14,7 millóns de euros a incentivar “que promotores públicos e privados constrúan ou rehabiliten vivendas dirixidas ao alugueiro accesible”. A previsión, segundo destacou, é promover a construción “de ata 350 vivendas”.

Tal e como salientou o presidente do Executivo galego, esta medida enmárcase no compromiso de impulsar “a construción de 400 inmobles protexidos” nos “primeiros 100 días de Goberno” e no de “dobrar o parque residencial de vivenda pública” nesta lexislatura.

Para iso, o Executivo autonómico impulsa con fondos propios da Xunta a primeira convocatoria de axudas dunha nova modalidade de promoción de vivendas protexidas de nova construción ou procedentes de rehabilitación, que se vaian destinar ao alugueiro.

A estes incentivos, engádense o lanzamento na mesma convocatoria, da segunda edición da liña de axudas para a promoción de vivendas para alugueiro, aloxamentos temporais, e outras modalidades residenciais tipo *covivenda (cohousing)*, vivendas interxeneracionais e modalidades similares de nova construción ou procedentes da rehabilitación.

Estes fondos canalizaranse a través dunha nova orde de axudas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que publicará ese mes de xuño, tras recibir esta mañá o visto e praxe do Consello da Xunta.

A convocatoria destes incentivos para este ano, de carácter plurianual, inclúe así dous programas diferenciados.

Concretamente, a Xunta destinará un orzamento autonómico de 7.200.000 euros ao novo programa dirixido á promoción de vivendas protexidas de nova construción ou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procedentes da rehabilitación. O obxectivo, tal e como resaltou Rueda, é que estes inmobles se destinen a alugueiro “polo menos durante 15 anos”.

Ademais, na mesma convocatoria, a Xunta reserva 7.560.000 euros dos fondos do Plan de Vivenda 22-25 ás axudas á promoción de vivendas e outras modalidades residenciais tipo *cohousing*, vivendas interxeneracionais ou similares, de nova construción ou procedentes da rehabilitación, que se vaian destinar ao alugueiro ou ceder en uso por un prazo de, polo menos, 20 anos.

Máis en concreto, para acollerse a calquera destas dúas modalidades de axudas impulsadas pola Xunta, as vivendas que se promovan deben cumprir como requisitos que estas sexan destinadas ao alugueiro accesible ou á cesión de uso polo prazo indicado, segundo a súa modalidade.

Ademais, no suposto de que se trate de vivendas protexidas, con independencia da modalidade da que se trate, deberán destinarse ao alugueiro, conforme o establecido na súa cualificación.

As vivendas deberán tamén cumprir a normativa de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Así mesmo, as vivendas situaranse en localidades que teñan inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida do Instituto Galego de Vivenda e Solo, cando menos, cinco unidades de convivencia por cada vivenda para a cal se solicita financiamento.

As promocións de nova construción ou procedentes da rehabilitación de edificios que se acollan ás axudas deste programa deberán cumprir coas normativa de accesibilidade e ter unha cualificación enerxética mínima A, tanto en emisións de CO₂ como en consumo de enerxía primaria non renovable.

As axudas aprobadas hoxe polo Executivo autonómico poderán solicitarse para a totalidade das vivendas dunha mesma promoción ou para unha parte delas, ben que, en todo caso, será requisito necesario para obter a axuda que a promoción teña un mínimo de cinco vivendas que cumpran as condicións deste programa.

As obras deberán realizarse no prazo máximo de 36 meses desde a data de notificación da concesión da axuda. Non obstante, o citado prazo poderá estenderse a 38 meses cando se trate de promocións de máis de cincuenta aloxamentos ou vivendas. Cando se trate de actuacións de rehabilitación, os prazos serán de 30 meses e 32 meses, respectivamente.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o primeiro día hábil seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e rematará o 31 de outubro de 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta ten en marcha varios programas dirixidos ao acceso á vivenda, todos eles recollidos no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado polos representantes das entidades integrantes do pleno do Observatorio de Vivenda de Galicia, documento que xorde da análise conxunta e da contribución de todos os representados no pleno do citado observatorio. No dito pacto recóllense as liñas de actuación pública na materia, constituíndo un instrumento de planificación das políticas públicas neste eido na Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 38 M€ Á REDE DE TELECOMUNICACIÓNS DA SANIDADE PÚBLICA A TRAVÉS DA QUE SE TRAMITARON EN 2023 CORENTA E TRES MILLÓNS DE CITAS

- O contrato para os vindeiros 3 anos dará servizo a 642 centros, ademais do acceso en mobilidade de ambulancias, hospitalización a domicilio ou unidades móbiles de doazón de sangue
- A rede de telecomunicacións é un instrumento básico do Servizo Galego de Saúde que contribúe á simplificación do traballo dos profesionais
- Este servizo xestionou o pasado ano 43 millóns de citas de atención primaria e hospitalaria e dispensou 71 millóns de receitas de forma electrónica
- Crearase un centro de ciberseguridade do Servizo Galego de Saúde que impedirá ou limitará ciberataques e minimizará o impacto en caso de incidente

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación centralizada, para os vindeiros 3 anos, do servizo da rede de telecomunicacións da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde por un importe total de licitación de 38.156.382 euros.

Esta rede de telecomunicacións é hoxe en día unha ferramenta básica na prestación de servizos sanitarios e nas comunicacións coa cidadanía. Así, o novo contrato dividirase en cinco lotes: rede de datos, voz e móbil; acceso á internet; mantemento do equipamento hardware; xestión e transformación de rede, e servizo de operacións de ciberseguridade.

A esta rede de conexión de datos e de comunicacións de voz están conectadas máis de 40.000 usuarios e máis de 24.000 ordenadores en 642 centros, ademais de servizos que precisan acceso en mobilidade como ambulancias, unidades móbiles de doazón de sangue ou equipos de hospitalización a domicilio.

O ano pasado foron xestionadas 32 millóns de citas de atención primaria, 11 millóns de citas de atención hospitalaria, 71 millóns de receitas dispensadas electronicamente e 30 millóns de visitas á páxina web do Servizo Galego de Saúde. Inclúese neste servizo o envío de sms, estimándose o envío de case 38 millóns mensaxes nos próximos 3 anos, cos que se facilita a comunicación coa cidadanía en campañas tan relevantes como as relacionadas co calendario de vacinación.

Con este contrato, faise posible o acceso á historia clínica electrónica, imaxe médica ou a receita electrónica. Desta forma, a Xunta contribúe á simplificación do traballo do persoal da sanidade pública galega grazas ás tecnoloxías da información.

O Servizo Galego de Saúde conta tamén con servizos antispam e para evitar tráfico ilícito que pretenda saturar o sistema.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo contrato inclúe aumentos e melloras, tanto en capacidade de rede como en seguridade debido ao crecemento en volume dos datos manexados, aos novos sistemas de información conectados e aos riscos cada vez maiores no que atinxe á ciberseguridade. Ademais, permite aforros como a inclusión dun 5 % de liñas para centros novos sen custo adicional, como a telefonía precisa para o Novo Hospital de Montecelo e o novo edificio hospitalario de Ourense.

Creación dun centro de ciberseguridade do Servizo Galego de Saúde

Este contrato avaliado hoxe no Consello da Xunta, recolle como novidades a creación dun servizo de transformación de rede para atender novas demandas e dun centro de operacións de ciberseguridade para mellorar a prevención e detección de ameazas informáticas.

En concreto, o novo servizo de transformación da rede dará soporte a sistemas que faciliten a transformación dixital da sanidade galega con proxectos de Big Data, intelixencia artificial ou a integración de dispositivos médicos conectados á internet. Deste xeito, mellorarase o procesamento e depuración dos datos para obter coñecemento e toma de decisións no ámbito do Servizo Galego de Saúde e optimizaranse procesos asistenciais e de interacción co paciente.

Coa creación dun centro de operacións de ciberseguridade o Servizo Galego de Saúde contará cun centro de alerta das ameazas de seguridade que potencialmente afecten á plataforma sanitaria e daráselles resposta rapidamente. O centro é un servizo baseado en intelixencia artificial co que se dará cumprimento aos requisitos da certificación de nivel alta que a sanidade pública galega conseguiu do Esquema nacional de seguridade. Este centro prestará servizos de prevención (ampliando o coñecemento respecto das vulnerabilidades da entidade, tanto técnicas como humanas), protección (aplicando medidas de bloqueo para impedir ou limitar os ciberataques), detección (observando todo o que ocorre na entidade para buscar as ameazas existentes) e resposta (actuando ante os ciberincidentes para minimizar o impacto sobre a entidade).

Ambos os dous proxectos están cofinanciados pola Unión Europea, a través do programa FEDER de Galicia 2021-2027.

Ademais, o contrato prevé seguir xestionando os centros de proceso de datos que o Servizo Galego de Saúde ten en Conxo e na Cidade da Cultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 4,5 M€ NA DIXITALIZACIÓN DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- O obxectivo desta medida é acadar a mellor asistencia sanitaria á cidadanía, para o cal os profesionais sanitarios dos centros que realizan o diagnóstico e tratamento dos pacientes teñen que ter acceso á mellor información clínica
- Estímase que o número de historias clínicas que se dixitalizarán nos catro anos de duración do contrato será de ao redor de 90.000

A Xunta autorizou hoxe, na reunión semanal do Executivo galego, a contratación do servizo de xestión e dixitalización de documentación clínica da área sanitaria da Coruña e Cee, por un importe de 4.514.012 euros, para un período de catro anos.

O obxectivo deste contrato é acadar a mellor asistencia sanitaria á cidadanía e, para tal efecto, os profesionais sanitarios dos centros que realizan o diagnóstico e tratamento dos pacientes teñen que ter acceso á mellor información clínica dos doentes, como instrumento fundamental para a súa axeitada asistencia.

Calcúlase que o número de historias clínicas que se dixitalizarán no período de catro anos de duración do contrato será de ao redor de 90.000.

A historia clínica é o conxunto de documentos que conteñen os datos, valoracións e informacións sobre a situación e evolución clínica dun paciente ao longo do proceso asistencial.

A implantación da historia clínica electrónica significou unha variación das tarefas que se realizan no arquivo de historias clínicas, ao levar a cabo a dixitalización dos documentos en papel que custodia e a dixitalización dos documentos en papel que se seguen a utilizar para rexistrar datos e informacións de carácter asistencial.

Deste xeito, a xestión diaria da documentación clínica está composta polas historias clínicas que se conservan e circulan en formato físico, así como a documentación que é necesario transformar a un formato dixital para incorporala á historia clínica electrónica.

Así, entre as tarefas que se deben realizar no marco da prestación do servizo que se vai contratar están a xestión da documentación clínica en formato físico, como pode ser o almacenamento e custodia; o préstamo e arquivo do utilizado polos centros sanitarios e a trazabilidade da documentación; así como a dixitalización da documentación clínica, co almacenamento das copias na infraestrutura de xestión documental do Servizo Galego de Saúde, de xeito que poidan ser visualizadas desde a aplicación da historia clínica electrónica.

IANUSS

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde finais do ano pasado ano está xa dispoñible para todos os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde a nova historia clínica electrónica, IANUS5. Esta ferramenta rompe as barreiras de acceso á información ao estar centrada no paciente e os seus problemas de saúde, permitindo aos profesionais traballar conxuntamente e independentemente do lugar de atención, xa sexa en atención primaria, atención hospitalaria e centros sociosanitarios.

Entre as principais novidades que inclúe IANUS5 está a carpeta persoal de saúde en liña, que permite aos pacientes gardar e compartir os seus datos de saúde cos seus profesionais, así como dispoñer da información xerada polos dispositivos implantados ou asociados ao paciente, como son os cardioimplantables, os dializadores domiciliarios, as bombas de infusión de insulina ou a medición continua da glucemia que logra un mellor control da enfermidade.

Estas opcións complementáanse, ademais, coa posibilidade que agora teñen os profesionais de prescribir contidos e pímulas formativas aos cidadáns e comprobar a súa adherencia a esa formación, que ademais se axusta ás súas patoloxías.

Coa nova historia clínica, o paciente pasa a ser un actor clave e activo na súa asistencia, dispoñendo de aplicacións móbiles como Sergas Diabetes ou Sergas Móbil, podendo enviar e recibir mensaxes cos seus profesionais, así como recibir asistencia mediante videoconferencia.

Ademais, IANUS5 proporciona aos profesionais ferramentas de detección de pacientes susceptibles de atención específica, así como unha proposta de seguimento, incorporando de forma continua algoritmos de intelixencia artificial á asistencia, como os usados actualmente en determinados diagnósticos por imaxe ou nos cribados, así como a identificación de pacientes susceptibles de padecer unha determinada enfermidade rara diminuindo así os tempos de diagnóstico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 160.000 EUROS PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA NAS UNIVERSIDADES DE BOS AIRES, OXFORD, RÍO DE XANEIRO E PAÍS VASCO

- Encádranse dentro das actuacións da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para a proxección exterior do galego
- Recupérase a colaboración neste eido coa Universidade bonaerense, que ten fortes vencellos coa nosa lingua, xa que é sede da Cátedra Castelao

O Goberno galego, no marco do seu compromiso coa proxección exterior da cultura galega, destinará preto de 160.000 € para o ensino desta lingua nas universidades de Bos Aires (Arxentina), Oxford (Reino Unido), Río de Xaneiro (Brasil) e na do País Vasco. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, en que se autorizou a sinatura destes convenios de tres anos de duración.

A colaboración entre a Consellería de Lingua, Cultura e Xuventude e estas catro universidades está dirixida a impulsar a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galega tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. Así, para esta promoción exterior do galego, as achegas económicas da Administración autonómica teñen en conta a duración do convenio, a dotación dun lector de galego, se existe por parte da universidade compromiso de contratación ou a organización de actividades de promoción e difusión da lingua que leven a cabo.

Cómpre lembrar, que no caso das universidades de Oxford, Río de Xaneiro e País Vasco, estes convenios supoñen unha renovación da colaboración que o Goberno galego mantén no marco da súa liña de traballo para internacionalizar a cultura galega. No caso concreto da Universidade de Oxford, a Xunta mantén acordos desta natureza desde 1992 e, tras esta renovación, a colaboración mantense vixente ata setembro de 2027.

No caso de Río de Xaneiro, pola súa banda, a Xunta traballa coa Universidade de Río de Xaneiro desde o ano 1998 e, tras o Consello de hoxe, a colaboración quedou renovada ata finais de 2026. Ademais, a Xunta mantén tamén en Brasil outros dous convenios destinados á proxección e promoción da lingua e cultura galegas na Universidade Federal de Baía e na Universidade Federal Fluminense, en Niterói.

Con respecto á Universidade do País Vasco, o actual convenio ten vixencia por tres anos e parte dunha colaboración que comezou xa no ano 1999.

Recupérase o convenio coa Universidade de Bos Aires

O acordo coa Universidade de Bos Aires supón recuperar a colaboración neste eido de promoción exterior do galego que se tiña mantido hai anos con esta institución, coa que ten establecido fortes vencellos en materia de lingua, xa que cómpre lembrar que é sede da Cátedra Castelao.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase tamén dunha colaboración que reforza a especial importancia que a lingua e a cultura galegas teñen na Arxentina, país que rexistra a maior porcentaxe de emigrantes galegos e que se suma ao apoio do Goberno galego ao centro Santiago Apóstol, da capital bonaerense, onde o galego xa está presente nos plans de estudo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O APOIO AO ENCONTRO MUMI NA EUROCIDADE TUI-VALENÇA PARA O INTERCAMBIO ENTRE AS INDUSTRIAS MUSICAIS DE GALICIA E PORTUGAL

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude repite como principal entidade colaboradora deste evento profesional, cunha achega de 25.000 euros para a edición que se desenvolverá do 12 ao 15 de setembro
- O Consello aproba o convenio entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Cultural Músicas do Minho

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Cultural Músicas do Minho, a través do que se materializará unha achega de 25.000 euros por parte do Goberno galego para o desenvolvemento da quinta edición do MUMI, Encontro Profesional de Música de Galicia e Portugal do 12 ao 15 de setembro na eurocidade Tui-Valença.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén así o seu compromiso coa organización deste encontro, eminentemente profesional, do que é a principal entidade colaboradora. O obxectivo é contribuír a un mellor coñecemento e maior intercambio entre as industrias musicais de ambos os territorios.

A programación desta edición volverá combinar a súa dobre vertente de feira profesional coa oferta musical para o público xeral. No primeiro caso, búscase propiciar o encontro entre os artistas e os seus axentes con xestores culturais e responsables de empresas promotoras e espazos programadores a través de roldas de negocio, reunións personalizadas, mesas redondas ou actividades formativas.

Ao tempo, a súa programación de concertos ábrese ao público xeral para lle brindar a oportunidade de gozar de bandas e solistas de Galicia e de Portugal, contribuíndo así a incrementar unha carteleira conxunta de ocio cultural.

Esta iniciativa naceu en 2020 no marco do programa *O teu Xacobeo* e, pese aos atrancos que tivo que enfrontar durante a pandemia, tense consolidado xa un espazo común no marco da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para o impulso da conexión cultural de profesionais e públicos.

Na edición de 2023 foron máis de 200 os profesionais do sector musical acreditados, coa concorrencia de medio centenar de responsables da programación cultural de concellos, festivais, axencias de contratación e salas. En canto ao cartel de concertos, leváronse a cabo 18 actuacións, gran parte delas en formato *showcase* e abertas ao público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O SEU COMPROMISO COA COMPETITIVIDADE E COA REMUDA XERACIONAL DOS NEGOCIOS PARA AFIANZAR A XERACIÓN DE RIQUEZA E EMPREGO EN GALICIA

- O Consello do Goberno galego aprobou unha convocatoria novidosa por 1,5 millóns de euros para impulsar o traspaso de negocios e garantir a súa permanencia no tecido produtivo galego, no marco do Plan de remuda da Rede de polos de emprendemento
- O Bono Remuda primará especialmente as transmisións no rural e, dentro destas, que sexan retornados ou estranxeiros quen se fagan cargo das empresas que pechan por xubilación ou causas sobrevidas, co gallo de fixar poboación
- Tamén se deu hoxe o visto e praxe ao convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación Galega de Comercio por un importe total este ano de 690.000 euros para avanzar na innovación, dixitalización e dinamización do comercio
- Prevé consolidar unha oficina de asesoramento e formación para o mantemento dos comercios, o impulso de ferramentas como o E-Ticket Dixital e a Plataforma Ecommerce Online e diferentes iniciativas de dinamización e reactivación do consumo
- Trátase de actuacións estratéxicas para a Xunta co gallo de asegurar o mantemento dos negocios como vertebradores do territorio, que se complementarán con análises comarcais para determinar que actividades son imprescindibles en cada contorna

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Bono Remuda, unha convocatoria novidosa da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que sairá publicada nos próximos días cun orzamento de 1,5 millóns de euros para fomentar o traspaso de negocios e garantir a súa permanencia no seo do tecido produtivo galego. A orde de axudas enmárcase no Plan de remuda que está a funcionar ao abeiro da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que ten 13 centros activos e ao que se levan adherido máis dun cento de empresas para buscar novas persoas que se poñan á fronte.

Así mesmo, o Goberno galego deulle hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio coa Federación Galega de Comercio que -cun orzamento global de 690.000 euros- permitirá avanzar en comercios polo miúdo especializados, de calidade, fortalecidos e modernos, que promovan o consumo responsable cunha actividade sostible, co gallo de garantir a súa competitividade e remuda xeracional.

Trátase así de actuacións estratéxicas para o Goberno autonómico no marco do obxectivo de asegurar o mantemento dos negocios como vertebradores do territorio, fundamentais para a xeración de riqueza e emprego e para a fixación de poboación na Galicia non urbana.

Bono Remuda

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A orde de axudas que se publicará proximamente ten por obxecto evitar o peche de negocios por falta de remuda, ao tempo que se facilita que as persoas interesadas en emprender poidan recoller a testemuña dun negocio xa viable economicamente. Recóllese que os negocios obxecto de remuda deben ter o domicilio social e fiscal en Galicia e estar inscritos na Bolsa de remuda da Rede de polos de emprendemento. Unha bolsa á cal se sumaron desde febreiro, cando se puxo en marcha, máis dun cento de empresas, máis da metade delas por xubilación e máis dun terzo das que teñen o proceso de traspaso activo pertencentes ao sector do comercio.

A remuda debe ser por xubilación ou próxima xubilación do titular do negocio. Tamén por causas sobrevidas como incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou falecemento, e deben terse producido entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2024.

O Bono Remuda conta con dúas liñas de axuda. Á liña 1-Bono remuda rural, para negocios situados en concellos de menos de 5.000 habitantes, destínase 1 millón de euros e fíxase un 75 % de porcentaxe de subvención respecto do prezo estipulado no contrato de remuda. Mentres, a liña 2-Bono remuda xeral, para municipios de 5.000 habitantes ou máis, conta con medio millón de orzamento e a porcentaxe de subvención será do 70 %. Se se trata de remuda mediante alugueiro do local e/ou medios produtivos, o importe da achega será o correspondente aos primeiros 18 meses de alugueiro.

No caso do Bono remuda rural, a axuda subirá un 10 % cando a persoa que adquire o negocio sexa emigrante retornada, estranxeira ou empadroada no concello onde está a actividade que se traspasa. Ademais, nas dúas liñas haberá un 5 % de aumento se quen se fai cargo é muller, menor de 30 anos, con 52 anos ou máis ou se o negocio traspasado ten máis de 5 traballadores. En total, a contía máxima subvencionable será de 30.000 euros.

As persoas solicitantes deben presentar un plan de negocio cun informe de valoración no que poden ser asesoradas polo persoal técnico dos Polos de emprendemento, dispoñible tamén para asegurar a boa marcha das transmisións de negocios, a maiores da páxina web dispoñible tanto para quen queira transmitir a súa empresa como para quen queira acceder a negocios en traslado (<https://polosemprendemento.gal/remuda-de-negocios>).

Convenio coa Federación Galega de Comercio

O convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación Galega de Comercio busca avanzar na innovación, dixitalización e dinamización do comercio. En primeiro lugar, consolidarase unha oficina de orientación, asesoramento e información ao comercio galego e de formación no asociacionismo, prestando especial atención ao emprendemento, cualificación e mantemento da actividade.

Así, reforzarase a dispoñibilidade de persoal cualificado para resolver dúbidas das persoas comerciantes, asesorar sobre medidas que adoptar e sobre programas ou axudas. O servizo de asesoramento é así integral, permanente e actualizado, con todas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as novidades e pasos que poidan afectar o sector. Tradúcese en canles de comunicación como unha liña telefónica gratuita (900 103 087) ao dispor de todos os comerciantes galegos.

Cunha segunda liña de colaboración asegurárase tamén o mantemento da Plataforma Dixital Centralizada E-ticket, dirixida a axilizar e mellorar a relación e o contacto coa clientela mediante a substitución do ticket tradicional en papel por un sistema dixital, moderno, fiable e eficaz, ademais de máis sustentable.

Así mesmo, afianzarase a Plataforma de Ecommerce Online Comercio Galicia de venda polo miúdo, para avanzar na expansión dixital dos negocios impulsando a súa venda física e, especialmente, a efectuada a través da internet. Trátase dunha plataforma de venda online autoxestionable polos comercios que dá visibilidade aos seus produtos fóra das zonas de acción tradicionais sen incorrer en elevados custos de xestión ou mantemento.

A terceira das liñas de colaboración suporá a posta en marcha da campaña *Días Azuis*, dirixida principalmente a incrementar as vendas no comercio polo miúdo. A acción, que se desenvolverá a nivel galego, terá como obxectivo visibilizar e crear relacións de afinidade co comercio de proximidade, posicionando a súa imaxe, as súas vantaxes e características xeradoras de confianza, ao mesmo tempo que se persegue incentivar e reactivar o consumo.

Por outra banda, xa na cuarta e última liña do convenio, promoveranse campañas de dinamización do comercio de proximidade e de estímulo da demanda e do consumo a nivel provincial, alentando a participación de federacións e asociacións do sector. O número de campañas por provincia ascenderá a dúas, abranguendo as principais localidades comerciais en cada caso, co obxecto de reactivar a economía local mediante as compras no pequeno comercio e estreitando vínculos entre persoas comerciantes e consumidoras.

Estas campañas de dinamización combinarán premios atractivos, mecanismos sinxelos de participación e unha estratexia efectiva de promoción. Así, prevése o sorteo de ata 50 tarxetas agasallo de 200 euros entre consumidores que merquen en comercios locais e acrediten a súa compra nunha plataforma web desenvolvida para o efecto. Tamén un sorteo extra dunha tarxeta por importe de 1.000 euros nunha gala do comercio entre as 50 persoas consumidoras xa premiadas nos sorteos previos e que asistan ao evento.

Este premio de 1.000 euros deberá utilizarse e gastarse ao día seguinte e nunha soa xornada no comercio local asociado que participe na campaña de promoción. Os outros premios de tarxetas de 200 euros tamén deberán gastarse en comercios locais da provincia e participantes na campaña, no prazo que se estipule en cada caso.

Apoio ao mantemento do tecido produtivo galego

Ambas medidas referendadas polo Consello da Xunta de hoxe intégrense no compromiso firme da Xunta de Galicia polo mantemento dos negocios no conxunto do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

territorio galego, para afianzar o crecemento económico mediante a xeración de riqueza e emprego ao tempo que se fixa poboación.

Nesa liña, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración porá en marcha unha análise de ámbito comarcal para determinar que negocios se requiren en cada contorna. Neste proxecto incluíranse tanto novos negocios como aqueles que, sendo rendibles, teñen previsto pechar por falta de remuda, prestando especial atención ao comercio. Atenderase sobre todo ás vilas cabeceiras de cada unha desas bisbarras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA O ACCESO AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTELARÍA DE GALICIA CUNHA REDUCCIÓN DO 50 % DA MATRÍCULA E CON MÁIS BOLSAS

- O Consello informa das novas medidas que entrarán en vigor no curso 2024/25 para facilitar ás familias e estudantes o acceso a estes estudos
- Como novidade, premiarase, ademais, a excelencia académica con descontos do 80 % na matrícula para alumnado cunha nota de 8 ou superior na ABAU e tamén se introducen axudas para galegos residentes no exterior,
- Xunto ao Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras da USC, tamén se impartirá un novo título propio de Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería con prácticas en restaurantes galegos

O Consello da Xunta informou hoxe da batería de medidas que a Xunta de Galicia porá en marcha o vindeiro curso académico para facilitar e flexibilizar o acceso aos estudos universitarios en Xestión de Empresas Hostaleiras impartidos no Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela e dependente orgánicamente da Xunta de Galicia. En concreto, no curso 24/25 a matrícula reducirá o seu prezo un 50 %, duplicarase o número de bolsas de estudos que poderán sufragar ata o 80 % da matrícula e incrementarase a oferta formativa cun título propio sobre gastronomía.

No que se refire á matrícula, o prezo para estudar o Grao de Xestión de Empresas Hostaleiras costará de xeito xeral 4.000 € -frente aos preto de 8.000 euros que se pagaban ata o momento- e a matrícula levará incluídos novos servizos como almorzo e comida para todo o alumnado, ademais de materiais teórico-prácticos ou o necesario durante as xornadas de prácticas, entre outras. Ese prezo poderá reducirse en ata o 80 % (polo que a matrícula reduciríase nese caso a 800 €) no caso de obter unha das máis de medio cento de bolsas de estudo que se porán á disposición do alumnado o vindeiro curso.

Flexibilización do pagamento

Deste xeito, a Xunta duplicará o número de bolsas de estudo ata sumar un total de 52 que, dependendo da tipoloxía, suporán un desconto de entre un 50 e un 80 % do prezo da matrícula e, en todos os casos, un desconto do 100 % no prezo do aloxamento na residencia do CSHG con pensión completa. No apartado das bolsas, creáanse dous novos tipos: as de excelencia académica, destinada ao alumnado que se matricule cunha nota de 8 ou superior no acceso á universidade, e as bolsas para galegos/as residentes no exterior, onde os requisitos son principalmente a vinculación con Galicia. En ambos casos supoñen un desconto do 80 % da matrícula.

Como todos os anos, o Centro permitirá tamén flexibilizar o pagamento en varias achegas. E tamén haberá exencións para familias numerosas de carácter xeral (50 % da matrícula) e de carácter especial (100 %). Non pagarán a matrícula aqueles candidatos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con discapacidade superior ao 33 %, vítimas de actos terroristas e vítimas de violencia de xénero.

Xunto a estas medidas, e para dar resposta á crecente demanda do sector da restauración en Galicia, o CSHG ofertará o Curso Superior de Chef e Pastelería, un título propio que empezará este curso 2024/25 e terá 24 prazas. Será un curso intensivo dun ano, con tres meses de prácticas en restaurantes de Galicia. Este curso capacitará futuros cociñeiros para manipular, preparar, conservar e presentar alimentos de cociña e pastelería tradicional, moderna e vangardista.

Formación de excelencia

O Centro Superior de Hostalaría de Galicia leva máis de 30 anos formando xestores e directivos de empresas turísticas, dependente da Xunta de Galicia, e comezou nos seus inicios ofertando unha formación propia en Dirección Hoteleira e Gastronomía. Desde o ano 2021 está adscrito á Universidade de Santiago de Compostela e imparte o Grao universitario en Xestión de Empresas Hostaleiras coas especialidades de gastronomía e de dirección hostaleira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA O INCREMENTO NUN 11 % DAS PRAZAS DE NOVO INGRESO EN FP ATA SUMAR 46.714 E O IMPULSO DAS TITULACIÓNS DE ALTA ESPECIALIZACIÓN EXCLUSIVAS DE GALICIA

- Resalta que Galicia contará o vindeiro curso “coa maior oferta de prazas de Formación Profesional” da súa historia
- Son 4.540 prazas máis para cursar 214 titulacións diferentes de FP
- Salienta que, ademais, ampliase o catálogo coa implantación de 17 novas titulacións: dous novos ciclos, outros dous másteres e 13 novos títulos de alta especialización
- A oferta de alta especialización, moi demandada polo tecido empresarial, medra máis dun 52 % ata acadar as 623 prazas
- A FP Dual medra un 45 % e os másteres fano por riba do 50 %
- Continúase impulsando a oferta no rural galego, cun 11,5 % máis de prazas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou que o Consello deu hoxe o visto e prace “á maior oferta de prazas de Formación Profesional na historia de Galicia”, así como a implantar 17 novas titulacións o vindeiro curso 2024/2025.

Rueda salientou que o obxectivo é adaptar estas ensinanzas “ás necesidades do tecido produtivo galego”, así como garantir e seguir mellorando a inserción laboral que xa se sitúa no 85% e que case chega ao 100% no caso da FP Dual. “Trátase tamén de redignificar a FP, algo que xa estamos conseguindo dado o incremento de matrícula detes anos, con case 65.000 alumnos, que é algo máis do dobre que hai dez anos”, apuntou.

Tal e como se amosa no informe elevado pola Consellería de Educación, Universidades, Ciencia e Formación Profesional ao Consello da Xunta que tivo lugar hoxe, Galicia contará o próximo curso cunha oferta de 46.714 prazas de novo ingreso, o que representa 4.540 prazas máis que o curso que agora remata (preto dun 11 % máis) e unha cifra récord no conxunto das 214 ofertas diferentes entre os 153 ciclos de grao básico, medio e superior, 22 másteres, 24 títulos de alta especialización e 15 programas formativos.

	Grao básico	Grao medio	Grao superior	Total
Programas formativos	15			15
Ciclos	26	48	79	153
Másteres		4	18	22
Título de alta especialización		7	17	24
Total	41	59	114	214

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así pois, a Formación Profesional galega medra tanto no conxunto da Comunidade como en cada un dos territorios e na case totalidade dos sectores e familias grazas á potenciación da modalidade de FP Dual Intensiva, aos másteres de FP e aos itinerarios de alta especialización exclusivos de Galicia que agora se impulsan de xeito considerable. Isto garante unha oferta ampla, variada, que chega a todo o territorio e que dá resposta a todos os sectores produtivos.

Non en balde, esta oferta foi deseñada logo de escoitar os axentes educativos e socioeconómicos a través do Plan Conecta FP Galicia, con encontros sectoriais e territoriais nos que participaron máis de 12.000 empresas, 400 asociacións, clúster ou entidades empresariais e uns 300 centros.

Datos destacados	Prazas curso 2024/2025	Incremento de prazas con respecto ao curso 2023/2024	Porcentaxe de crecemento
Prazas totais no sistema de FP	46.714	+4.540	+10,76 %
FP Dual Intensiva	6.153	+1.926	+45,33 %
Másteres	1.658	+576	+53,23 %
Títulos alta especialización	623	+214	+52,32 %
Prazas no rural	7.631	+789	+11,53 %

Dentro do catálogo de 214 titulacións, hai catro que se implantan por primeira vez en Galicia, dúas delas en ciclos formativos e outras dúas de máster. Formacións que, tal e como apuntou o presidente da Xunta, contan "cunha alta empregabilidade e onde hai moitas vacantes":

Centros	Novos ciclos
CIFP de Vilamarín, Ourense (Dual Intensiva)	Ciclo de grao básico Aproveitamento Forestais
CIFP As Mercedes, Lugo CIFP Valentín Paz Andrade, Vigo (Dual Intensiva)	Ciclo de grao medio Condución de Vehículos de Transporte por Estrada
Centros	Novos másteres

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CIFP As Mercedes, Lugo IES Luís Seoane, Pontevedra	Ciclo superior de Posicionamento en Buscadores (SEO/SEM) e Comunicación en Redes Sociais
CIFP As Mercedes, Lugo CIFP Fontecarmoa, Vilagarcía de Arousa CIFP Portovello, Ourense CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, Ferrol IES Luís Seoane, Pontevedra	Ciclo superior de Redacción de contidos Dixitais para Márketing e Vendas

Títulos de alta especialización

Rueda resaltou que “unha das principais novidades” para o vindeiro curso escolar é “o reforzo dos títulos de alta especialización, unha modalidade de FP na que Galicia é pioneira”. Trátase dunha formación na que se unen dobre titulacións ou combinacións de ciclos, másteres e cursos distintos e que atende unha demanda específica por parte dos sectores produtivos.

Así pois, o vindeiro curso vanse ofertar un total de “24 títulos de alta especialización, 13 deles de nova implantación” e que abranguen eidos económico-industriais moi variados como son automoción e os novos vehículos híbridos, a robótica, a xestión turística, a restauración, a soldadura, as telecomunicacións, a transformación da madeira ou a cantería, entre outros.

En total ofértanse 623 prazas, o que representa un aumento de máis do 52 % con respecto ao presente curso. Para iso constituiranse 27 grupos de alta especialización distribuídos por toda a xeografía galega. Os de nova incorporación son os seguintes:

Concello	Centro	Ciclo
PROVINCIA DA CORUÑA		
A Coruña	IES Urbano Lugo	GM Instalacións de telecomunicacións e oferta parcial de Sistemas microinformáticos e redes
Carballo	IES Monte Neme	GS Instalación e mantemento de sistemas conectados a internet (IoT) e oferta parcial de Robótica colaborativa
Ribeira	CIFP Coroso	GM Mantemento electromecánico e oferta parcial de Elaboración de produtos alimentarios
Ribeira	CIFP Coroso	GS Dobre titulación en Automoción e Mantemento e seguridade en sistemas de vehículos híbridos e eléctricos
PROVINCIA DE OURENSE		

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ourense	CIFP A Farixa	GS Dobre titulación en Xestión de aloxamentos turísticos e Axencias de viaxes e xestión de eventos
PROVINCIA DE PONTEVEDRA		
Poio	Escola de Cantería de Poio	GM Pedra natural especializado en cantería
Pontevedra	CIFP Carlos Oroza	GS Dirección de cociña e oferta parcial de Dirección de servizos de restauración
Pontevedra	CIFP Carlos Oroza	GS Dirección de cociña e oferta parcial de Procesos e calidade na industria alimentaria
Pontevedra	CIFP Carlos Oroza	GS Dirección de servizos de restauración e oferta parcial de Xestión de aloxamentos turísticos
Pontevedra	CIFP Carlos Oroza	GS Dobre titulación en Axencias de viaxes e xestión de eventos e Guía, información e asistencia turísticas e oferta parcial de Animación sociocultural e turística
Pontevedra	CIFP Carlos Oroza	GS Guía, información e asistencia turísticas especializado en enoturismo
Valga	IES Plurilingüe de Valga	GS Mecatrónica industrial e oferta parcial de Automatización e robótica industrial
Vigo	CIFP Valentín Paz Andrade	GS Construcións metálicas e oferta parcial de Automoción

Potenciación da FP Dual Intensiva e dos másteres

A modalidade de FP Dual Intensiva (a FP Dual clásica que na nova normativa estatal pasa a denominarse así) é unha das que máis pulo recibe por parte do Goberno galego con 6.153 prazas, o que supón un incremento de case o 45 %. Esta modalidade consolídase, por tanto, como unha vía para acadar unha maior formación na empresa, o que garante unha inserción laboral de preto do 100 %.

No que atinxe aos másteres, para o próximo curso ofértanse un total de 1.658 prazas, o que representa un crecemento de máis do 53 % respecto á oferta do presente curso. En total, ofértanse 76 grupos de másteres distribuídos por toda a xeografía galega.

Por outra parte, tamén se mantén a oferta de programas formativos básicos, un instrumento de especial relevancia para que o alumnado con necesidades educativas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especiais poida conseguir a súa incorporación ao mercado laboral ou a súa continuidade no sistema educativo.

“O obxectivo é seguir co pulo que dende hai anos lle damos desde a Xunta a esa revolución silenciosa que está a vivir a FP”, indicou Rueda.

Impulso ao rural

As necesidades de formación no territorio rural detectadas a través dos encontros do Plan Conecta FP permiten seguir afianzando a aposta por unha oferta formativa atractiva en áreas de menor densidade demográfica, o que confire oportunidades tanto aos mozos e mozas como ás empresas ao tempo que contribúe a fixar poboación.

Así pois, para o próximo curso ofértanse un total de 7.631 prazas no rural, un 11,5% máis que as dispoñibles ata o momento a través da ampliación de ciclos formativos e de másteres na modalidade dual intensiva.

A este obxectivo responden ciclos como os de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural en Mondoñedo e Ribadeo, Aproveitamentos forestais en Vilamarín, Automatización e Robótica industrial en Cee, Producción Agroecolóxica en Arzúa, Automoción en Chantada, Curtis, Ordes, Ponteceso, Ribadavia, Ribadeo e Sanxenxo, Gandaría e Asistencia en sanidade animal en Boqueixón, Melide e Xinzo de Limia ou Paisaxismo e Medio rural en Arzúa e Bergondo, entre outros.

Por outra parte, tamén se incrementan nun 8,8 % as prazas de grao medio no rural, un itinerario axeitado para o alumnado que remata un ciclo de grao básico e que é unha ferramenta de loita contra o abandono escolar temperán e para favorecer a inserción laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O SEU COMPROMISO COA ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS ENFERMIDADES NEURODEXENERATIVAS

O Goberno galego repasou en Consello os servizos específicos de estimulación terapéutica de Val do Dubra e Trazo nos que inviste máis de 120.000 euros

A Xunta de Galicia segue a reforzar o seu compromiso coa atención ás necesidades das persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas cun novo impulso aos servizos de estimulación terapéutica específica para os afectados por estas doenzas.

O Goberno galego analizou en Consello un informe sobre as prestacións dispoñibles nos concellos coruñeses de Val do Dubra e Trazo para unha vintena de persoas que padecen estas patoloxías, que reciben un investimento de máis de 120.000 euros por parte da Xunta. En Val do Dubra, o servizo está xa en funcionamento, mentres en Trazo sae hoxe a licitación o concurso.

Aos beneficiarios deste programa facilítaselles información, orientación e asistencia para que poidan realizar as actividades básicas e instrumentais da súa vida diaria. Tamén se lles ofrece terapia ocupacional, estimulación cognitiva, actividades de lecer e tempo libre e, tanto eles como os seus coidadores, teñen á súa disposición atención psicolóxica. O servizo complétase co transporte necesario para acudir a estas actividades.

A Xunta traballa para que Galicia siga sendo o mellor lugar para facerse maior, con servizos de proximidade, un novo modelo de coidados e programas de envellecemento activo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA REALIZARÁ NESTE 2024 CORENTA E SETE (47) ACTIVIDADES FORMATIVAS EN IDIOMAS, CUN TOTAL DE 2.070 PRAZAS

- Destaca a ampla oferta en lingua inglesa, que permite cursar un itinerario formativo estruturado en doce niveis
- O 90 % das prazas ofertadas corresponden a modalidades formativas baseadas no uso dos medios telemáticos

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre a formación en materia de idiomas convocada pola Escola Galega de Administración Pública para este ano 2024. Neste marco, ao longo do presente exercicio a EGAP levará a cabo un total de 47 actividades formativas, cun total de 2.070 prazas dirixidas ao persoal ao servizo das distintas administracións públicas.

Entre a ampla oferta de linguas, destaca a inglesa, que permite cursar un itinerario formativo estruturado en doce niveis, co obxectivo de darlle continuidade ás persoas que xa cursaron os niveis máis avanzados nas anteriores convocatorias, incorporándose como novidades: «Lingua inglesa. Nivel avanzado 1», nivel 11; e «Lingua inglesa. Nivel avanzado 2», nivel 12.

Ademais deste idioma, o persoal interesado pode cursar itinerarios formativos en lingua francesa, portuguesa, alemá e italiana. E, en canto ás modalidades de impartición, o 90 % das prazas dos cursos de idiomas convocados para este ano corresponden a modalidades formativas baseadas no uso dos medios telemáticos.

Por outra banda, cómpre subliñar tamén o interese que está a suscitar a formación en lingua de signos, cun total de 1.206 solicitudes. En 2024, desenvolveranse tres edicións desta actividade formativa, que se incorporou á oferta da EGAP en 2016.

A formación en idiomas vén conformándose nos últimos anos como unha das liñas estratéxicas da actividade da Escola Galega de Administración Pública, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos propios das administracións públicas de mellora na prestación dos servizos á cidadanía, fomento da igualdade de dereitos e oportunidades e, en definitiva, contribución ao interese xeral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA DESENVOLVERÁN DESDE XUÑO OBRADOIROS DE ROBÓTICA PARA NENAS E NENOS HOSPITALIZADOS

- O Servizo Galego de Saúde destinará 11.500 euros para adquirir o equipamento co que impartir obradoiros con robots que simulan coches ou mascotas
- Empresas do ámbito tecnolóxico galego impartirán dúas sesións ao ano nas sete áreas sanitarias para reducir o estrés que implica o ingreso a través do xogo
- Todas as áreas pediátricas dos hospitais públicos galegos contan con aulas infantís nas que se realizan actividades escolares e de lecer

No mes de xuño a Xunta porá en marcha obradoiros de robótica e programación para menores ingresados en centros hospitalarios do Sistema público de saúde, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia. Así se recolle no informe abordado hoxe na reunión do Consello da Xunta sobre o convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o órgano que representa o colectivo de enxeñaría informática en Galicia.

Está previsto que leven a cabo dúas sesións ao ano, comezando en xuño e continuando nos meses de outubro e novembro, en cada área sanitaria. En total serán 14 obradoiros nos que están previstas actividades como transformar froitas e utensilios de cociña en mandos de xogos de ordenador ou probar robots con forma de coche ou mascota que mudan o seu comportamento en función do son ambiental, da luz ou da distancia a outros obxectos grazas a sensores integrados.

Con estas actividades interactivas e prácticas, proporcionarase unha distracción positiva da situación médica de cada paciente e agárdase que contribúa á súa recuperación emocional e mental, xa que a hospitalización é unha fonte de estrés para nenas e nenos e as súas familias. Por iso, os obradoiros están pensados para realizarse en grupo para favorecer a interacción social, aínda que tamén están previstas sesións virtuais no caso de pacientes que non poidan participar fisicamente nos xogos.

Os obradoiros serán impartidos por empresas galegas do ámbito tecnolóxico a través dos seus plans de responsabilidade social corporativa e, para poder levarlos a cabo, o Servizo Galego de Saúde destinará 11.500 euros á adquisición do material necesario.

Neste sentido, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia conta xa con experiencia previa en actividades didácticas destinadas á infancia xa que desde o ano 2010, en colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, organiza as charlas «Navega con Rumbo». Nestas sesións xa participaron milleiros de alumnos para formarse sobre a navegación segura na internet e o uso seguro das redes sociais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Humanización das áreas pediátricas

Para facer máis amable o ingreso dos menores nos hospitais públicos, o Servizo Galego de Saúde adapta a decoración das estancias e a uniformidade dos profesionais con motivos infantís. Ademais, en todas as áreas pediátricas dos hospitais existe unha aula na que persoal do departamento educativo da Xunta traballa con nenos e nenas para manter o ritmo do curso escolar na medida do posible e, a maiores, voluntariado de distintas ONG realizan actividades lúdicas. Igualmente os profesionais conmemoran datas sinaladas como o Entroido, Nadal ou Samaín.

Entre as últimas novidades promovidas por diferentes institucións en colaboración co Servizo Galego de Saúde están a decoración e o mobiliario infantil instalado nas urxencias pediátricas do Hospital do Salnés ou a apertura do *Parque dos bicos* no hospital Álvaro Cunqueiro para promover o xogo ao aire libre de nenas e nenos ingresados en Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANIDADE ACTUALIZARÁ AS ACTIVIDADES DO REXISTRO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS E INCORPORARÁ TODAS AS REALIZADAS NO COMERCIO POLO MIÚDO

- Deste xeito, engádense ao rexistro os locais ambulantes ou provisionais como son as carpas, os almacéns de apoio e as instalacións en que se realizan operacións de venda á persoa consumidora final
- O decreto facilita a relación dos administrados coa Xunta, a través da actualización dos procedementos de declaración responsable para o inicio da actividade no comercio polo miúdo

O Goberno galego actualizará o catálogo de actividades recollidas no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (Regasa), incorporando á definición de establecemento de comercio polo miúdo os locais ambulantes ou provisionais como é o caso das carpas, postos e vehículos de venda ambulantes, os almacéns de apoio e as instalacións en que, con carácter principal, se realizan operacións de venda á persoa consumidora final e establece requisitos na produción e comercialización para determinados establecementos.

O Consello da Xunta, na súa reunión semanal, abordou un informe da Consellería de Sanidade, referido ao proxecto de decreto polo que se regula este rexistro e se establecen requisitos de hixiene na produción e comercialización para determinados establecementos. Este proxecto da Xunta traslada á regulación autonómica o disposto no Real decreto 1021/2022, do 13 de decembro.

Cómpre remarcar que o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (Regasa) ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses dos consumidores, facilitando o control oficial das empresas, locais e establecementos sometidos a inscrición, que son aqueles que exercen a súa actividade comercial en Galicia cando esa actividade consista en manipular, preparar, elaborar ou transformar, almacenar ou servir alimentos para a súa venda ou entrega á persoa consumidora final ou a unha colectividade, in situ ou a distancia, con ou sen repartición a domicilio.

O texto componse de 17 artigos agrupados en catro capítulos. O primeiro contén disposicións xerais relativas ao seu obxecto. O segundo refírese ao Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos sanitarios e ao procedemento de inscrición. O terceiro aborda as condicións de comercialización e o cuarto recolle o réxime sancionador.

O decreto establece condicións específicas para a subministración de alimentos de produción propia e produtos de orixe animal entre establecementos de comercio polo miúdo, así como as condicións de comercialización de alimentos preparados en locais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

utilizados como vivenda privada e os requisitos para os almacéns de apoio dos establecementos de venda polo miúdo.

No procedemento de notificación de inicio de actividade recollido neste decreto, establécese o contido mínimo da declaración responsable que, para efectos de inscrición da actividade no rexistro autonómico, debe presentar ante a autoridade competente o operador que elabora alimentos en locais utilizados principalmente como vivenda privada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA MELLORA A COMPETITIVIDADE E A RENDIBILIDADE DAS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR CON 19 M€

- Estas axudas, incluídas na primeira convocatoria do FEMPA, cubrirán o 50 % do importe subvencionable, e poderá esta porcentaxe elevarse ao 100 % se o proxecto é de índole colectivo e ten características innovadoras
- As actuacións previstas están destinadas a fomentar a calidade e valor engadido dos produtos, a mellora da eficiencia enerxética ou a economía circular
- A través do FEMPA 2016-2023, o Goberno galego tamén inxectou máis de 105 millóns de euros, que permitiron desenvolver 380 iniciativas e mobilizar un investimento de máis de 200 millóns

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe relativo á orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciados coa primeira convocatoria do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2024.

Deste xeito, a Consellería do Mar destina á mellora da competitividade e da rendibilidade das pequenas e medianas empresas galegas desta categoría 19 millóns de euros, que se distribúen nas seguintes anualidades: 2024 (9 millóns) e 2025 (10 millóns).

Con estas axudas, o Goberno galego achega o 50 % do importe subvencionable de cada unha delas, e poderá esta porcentaxe elevarse ao 100 % no caso de que os proxectos cumpran os requisitos de que tanto o interese como as beneficiarias sexan colectivos, teñan características innovadoras ou garantan o acceso do público aos seus resultados.

Entre as accións que son obxecto de apoio, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, está a de fomentar a calidade e valor engadido dos produtos; aumentar a eficiencia enerxética; reducir o impacto no ambiente; mellorar a mobilidade sustentable da distribución de produtos da pesca; favorecer a economía circular mediante a prevención e optimización dos procesos, minimización dos residuos, o aproveitamento comercial das capturas non desexadas ou subprodutos, o uso de descartes para o desenvolvemento de subprodutos, a transformación de capturas de peixe comercial que non poidan destinarse ao consumo humano; ou fomentar a transformación de produtos de acuicultura ecolóxica.

Os beneficiarios destas subvencións son as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen a, entre outras cuestións, aforrar enerxía, mellorar a seguridade ou optimizar os procesos de transformación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado desde o día seguinte á publicación da convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para o mes de xuño.

Máis achegas

O novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) financia proxectos de aplicación da nova reforma da Política Pesqueira Común e presta apoio financeiro a pescadores, acuicultores e poboacións costeiras para a súa adaptación ás novas normas. Ademais, ten en conta proxectos destinados a fomentar o «crecemento azul» e a creación de postos de traballo, ao abeiro da política integrada da Unión Europea.

Este tipo de apoios súmase aos xa executados no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca (2016-2023), a través do cal a Administración autonómica inxectou máis de 105 millóns de euros ao sector, que permitiron desenvolver 380 iniciativas e mobilizar un investimento de máis de 200 millóns de euros.